

## **CIG-Ensino e ANPAS GALEGAS concentráronse este mércores contra a “Pandemia dos recortes” da Consellaría de Educación**

*O secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, lembrou que o novo curso comeza con 127 aulas pechadas fundamentalmente no rural; a volta á superación do máximo ratio en infantil e primaria de 25 estudantes por aula que o ano pasado por primeira vez se respectara; a redución de persoal de apoio ao alumnado con necesidades específicas; a eliminación dos desdobres en secundaria e FP e a mentira e manipulación como “marca da casa” da Consellaría. Neste sentido acusou a Román Rodríguez de sinalar como persoal reforzo COVID as 1250 contratacións pertencentes ao plan Recupera-te (antes ARCO e PROA) que se veñen realizando nos últimos anos e que se corresponden con medias xornadas, o que finalmente supón só 625 postos de traballo a tempo completo, unha cifra similar á de antes da pandemia.*



CIG-Ensino e ANPAS GALEGAS concentráronse esta mañá diante do departamento dirixido por Román Rodríguez en San Caetano para amosar o seu descontento ante os recortes de persoal docente e ante a volta a unha “situación incluso peor que antes da pandemia en canto a número de profesorado nas distintas etapas educativas do ensino público”, tal e como explicou na concentración o secretario nacional da central sindical.

O protocolo recentemente aprobado na reunión da Conferencia Sectorial de Educación e o Ministerio de Educación coas distintas Consellarías de Educación supón 1,2 metros dentro das aulas en todas as

etapas educativas de educación secundaria, FP e ensinanzas especiais e o mantemento dos grupos burbulla en educación infantil e primaria. “Esta redución na distancia entre alumnado provoca que sexan necesarios menos desdobres de aulas e polo tanto menos persoal docente en cada centro. Pero en boa parte deles nin sequera se vai cumprir esta distancia, tal e como veñen de confirmarnos desde os centros ao sindicato. Isto implica que a exposición da comunidade educativa ao coronavirus aumenta ao tempo que a calidade do ensino resulta mermada ao haber un maior número de alumnas e alumnos por aula”, incidiu Suso Bermello, o secretario nacional da CIG-Ensino.

## Falta de transparencia na información

Suso Bermello insiste na ausencia total de transparencia por parte do departamento de Educación. “Non hai ningún tipo de dato público que permita coñecer a diferenza entre o profesorado contratado a tempo completo este curso ao respecto do pasado. Exiximos á Consellaría que dea a cifra total de mestras e mestres (sumando funcionariado de carreira e interino) con nomeamento en vigor a comezos do curso 2020/21 e neste igual que demandamos que se faga o mesmo cando comece o curso de secundaria, FP e ensinanzas especiais. A Xunta xoga coa mentira e a ocultación de datos mais o que si sabemos é que o curso comezo co peche de 127 aulas sobre todo no eido rural, coa negativa a autorizar desdobres no medio urbano e a existencia, a día de hoxe, dalgunhas aulas con 26 alumnos e alumnas, en contra do afirmado polo conselleiro de Educación de que, en ningún caso, se superaría esa ratio e coa redución de profesorado de apoio ao alumnado con necesidades de apoio”, engadiu



“O mínimo que se debe exixir a quen goberna é que non minta nin manipule: reiterar que hai 1250 contratacións para afrontar a Covid é falso. Primeiro porque non son a tempo completo senón a media xornada, o que implica que, computando horarios completos, falamos do equivalente a 625 postos de traballo reais. Segundo, porque esas contratacións (dentro do plan Recupérate -antes ARCO e PROA) son reforzos ordinarios que se veñen ofertando os últimos anos. A día de hoxe non só é que estean sen

contratar estas persoas senón que hai moitas prazas ordinarias de mestres e mestras que están sen cubrir, polo tanto non son postos estruturais nin nacen para poder desdobrar aulas e reducir ratios. A mentira ten as pernas curtas”, sentenciou Suso Bermello.

## A Xunta dá por finalizada a pandemia

Malia que para a Xunta semella que a pandemia xa pasou á historia, o curso arrinca mañá cunha elevada porcentaxe de alumnado sen vacinar, como é o caso do 100% dos nenos e nenas menores de 12 anos. Engádese a esta situación o feito de que nas etapas de infantil e primaria non se esixe o distanciamento de 1,2 metros nas aulas. Nas restantes idades iniciouse a vacinación pero non se acadará a plena inoculación coa dobre pauta e a protección definitiva 15 días despois ata mediados deste trimestre, segundo as previsións.

ANPAS GALEGAS E CIG-Ensino insistiron na necesidade de establecer criterios científicos e sanitarios tendo en conta a alta incidencia da pandemia na mocidade e o alto índice de contaxios que se están a producir nestes momentos na sociedade en xeral. As entidades convocantes resaltan que as medidas adoptadas pola administración para o comezo de curso baseáronse en criterios económicos e defenden a necesidade de que o ensino sexa presencial como garantía da equidade na educación, tal e como se puido comprobar despois de que a presión e a mobilización conseguira os desdobres en secundaria e FP o curso pasado. Ademais lembraron que a día de hoxe seguen se facerse as avaliacións de riscos dos centros educativos e que non hai ningunha garantía de que vaian respectarse os mínimos fixados pola Inspección de Traballo para a protección do persoal docente como denunciou a CIG-Ensino diante da autoridade laboral (exemplo, a distribución de máscaras FFP2 para determinados colectivos docentes).

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)